

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021022810	Aprobación de actividades Xuventude
Asunto	Aprobación do obradoiro “Tinguidura textil”	

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou o 1 de xullo de 2021, a seguinte resolución:

“A Concellería de Xuventude, organiza un obradoiro de tinguidura textil dentro da programación para a dinamización e participación xuvenil da localidade, co obxecto de promover experiencias de participación e cohesión grupal que infúen directamente na adquisición de habilidades sociais cara a unha convivencia e integración sociocultural adecuada e saudable nos rapaces e rapazas xoves.

O dito obradoiro realizarase o 15 de xullo na Casa da Xuventude con saída ao Centro Cívico de Canido e está dirixido aos mozos e mozas da localidade con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos. Os/as participantes deberán estar empadroados/as no Concello de Ferrol.

Polo exposto, propóñolle a concelleira Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da realización do obradoiro de “Tinguidura textil”

Segundo.- Aprobación do prazo de inscrición dende o 5 ao 12 de xullo, ambos os dous incluídos.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal. “

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña.

Decreto.- Vista a proposta apróboala nos seus propios termos.”

O/A secretario/a xeral